Ateneo Ferrolán

Revista trimestral do Ateneo Ferrolán **XANEIRO - FEBREIRO - MARZO. ESPECIAL RELATOS CURTOS 2011**



ATENEA

Nº 40

Ateneo Ferrolán

ATENEA
Revista trimestral do Ateneo Ferrolán Nº 40
Xaneiro - Febreiro - Marzo. Especial relatos curtos 2011

Dirección e Coordinación: ATENEO FERROLÁN
Redacción e administración:
Rúa Magdalena 202-204 - Ferrol (Galiza)
Teléfonos: 981.357.970, 981.354.098
Fax: 981.354.098

E_mail: **secretaria@ateneoferrolan.org**
WEB: **www.ateneoferrolan.org**

ISSN: 1575-9679
Depósito legal: C-1937/99

Patrocina:
XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística
Secretaría Xeral de Política Lingüística

Ateneo Ferrolán

Sumario

ATENEA Revista trimestral do Ateneo Ferrolán Nº40
Xaneiro - Febreiro - Marzo. Especial Relatos Curtos 2011
DIRECCION E COORDINACION Ateneo Ferolán
CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA **María Xosé Villar Corral**
DESEÑO, MAQUETACIÓN E ILUSTRACIÓNS **Cocinanegra**

Edición Especial "RELATOS CURTOS"

Esta é, foi, a convocatoria. Sorprendeunos a resposta. Descubrimos cómo as persoas, a primeira vista caladas e indiferentes diante do que acontece, en canto se lles da unha oportunidade ou se lles convoca para que manifesten os seus sentires, espertan e responden expresando o que levan dentro e creando, compoñendo relatos do máis variado e diverso. Xa o descubrimos co Especial Poesía deste pasado verán.

Unha resposta abondosa que nos enche de satisfacción e nos anima a seguir buscando iniciativas de participación. Implicáronse e responderon xentes novas e non tan novas, socios/socias e non socios/as, de Ferrolterra e de máis aló. Valeu a pena e haberá que seguir propoñendo variantes, temáticas e formatos. Estamos seguros de que a colleita seguirá compensando os esforzos.

Seguimos!

A Xunta Directiva

O ATENEO FERROLÁN abordará a dixitalización da única colección completa que existe do FERROL DIARIO 1969 - 1980 e de "EL NORTE" 1980 - 1981, para ir complementando o proceso, xa iniciado, da dixitalización dos seus fondos máis importantes.


ferrol diario

REAL

"Los más avanzados ebooks *jamás sustituirán el placer de un buen libro bajo la sombra de una parra. Pero la digitalización sí que ayuda a la recuperación de fondos en peligro de extinción. Por ese camino del renacimiento documental camina el Ateneo Ferrolán: el cofre con los mayores tesoros bibliográficos y periodísticos en la ciudad naval. La institución cabalga en estos momentos sobre dos reformas: la del propio edificio y la de su archivo anclado hasta ahora en el formato papel...*

...En estos momentos, los técnicos trabajan con la colecciones completas de dos periódicos desaparecidos pero simbólicos durante la agitada Transición ferrolana: Ferrol Diario, que resistió desde 1969 a 1908, y El Norte con un fugaz recorrido entre 1980 y 1981..."

El Correo Gallego 2010/12/10, Patricia Hermida, Ferrol

A dixitalización converte as sinais analóxicas nunha serie de valores numéricos.

Existen diversas formas de dixitalización: dixitalización de fotografías, dixitalización de audio e de vídeo e dixitalización de texto, ao cal se lle pode aplicar unha ferramenta *ocr* (recoñecemento óptico de caracteres) que recoñecen os símbolos escritos e os converte en caracteres editables polo computador, simplificando as búsquedas e potenciando os resultados.

As vantaxes da dixitalización son evidentes xa que, tendo a tecnoloxía apropiada, podemos controlar factores taxativos como a *conservación do documento*; o espazo que ocupa é, relativamente, menos custoso, é máis manipulable, non ten deteriorización e podemos xerar copias rápida, fiable e facilmente en calquera formato de arquivo.

Podemos, tamén, *controlar o seu acceso*: posibilita unha consulta sincrónica, un acceso universal (independente do emprazamento e do medio empregado), búsquedas máis efectivas e axustadas aos requirimentos de quen o consultan, fragmentación dos contidos, e un longo etcétera.

E non podíamos obviala *difusión* potencial do documento: virtudes que todo o mundo pode supoñer, pero.....

....a grande vantaxe da dixitalización, a excelencia da dixitalización reside na independencia, na autonomía que outorga a un individuo para dixitalizar e difundir (vía internet) a súa cultura a un colectivo noutro extremo do mundo.

A evolución da tecnoloxía, focalizada na información e a comunicación, dota, a calquera persoa, da capacidade necesaria para afrontar unha dixitalización inmellorable sen dependencia externa, sen subordinación estrutural, económica ou humana, permitindo, en moitos casos, desligar culturas do seu envoltorio analóxico.

Sexa, polo tanto, o Ateneo Ferrolán a persoa
sexa o seu acervo documental o cofre e
sexa o Ferrol Diario o tesouro.

RELATOS CURTOS

ANIMAL

por Alba Méndez de la Peña

Mordinlle unha perna, porque estaba farto de levalo pendurado da perneira do pantalón. Fora unha resposta instintiva, coa dose de vinganza xusta. Ao can levárano de volta á tenda, aínda era novo e tiña posibilidades de ser recomprado. A trabada nin sequera deixara mácula, polo que a posible perda de valor aducida polos do establecemento non estaría xustificada. En cambio a min, tocoume cambiar ou meu roupeiro, na sección de pantalóns e outras calças. Por fortuna, o Nadal aínda non rematara e había posibilidades de facerse cun bo aprovisionamento de roupa, grazas á caridade de amizades e familiares. O que nunca poderei esquecer, serán os berros do animal, tan sumamente perto do meu ouvido, e as náuseas mentres tentaba cuspir a mata de pelo que se acubillaba entre os meus dentes.

Realmente, as miñas experiencias interespecíficas cínguense unicamente ao Nadal, cos infrutuosos intentos de familiares e amigos de emparentarme cun animal dos que se din de compaña, mais que rematan facendo *cazzi souoi* por un fogar que considero meu, porque me produce doce sangrados periódicos ao longo do ano.

O Nadal do ´85, de moda os pitos e parrulos de cores en todas as feiras e romarías do país. Á volta de dous días libres, mal aproveitados nas interminables colas dun balneario conducido para a reconversión de anciáns aburridos en vellos contrariados e magoados, un plumífero e palmado animal aboiaba nunha fina capa de auga na miña bañeira.


Tres días despois de ficar sen toallas limpas a causa dos seus desconsiderados furtos, paseándose envolto e húmido sobre o parqué e gabándose da súa particular forma de camiñar, rematou a nosa fútil relación nunha frugal cea con tostas de *foie* e peitugas ao queixo do Cebreiro. O do '96 podería ter sido moito máis indixesto, tan só polo feito de ser os felinos, animais moito peor considerados como alimento. Os peixes sufriron, sen dúbida, peor sorte, deixándome un gusto amargo e un persistente cheiro a fritura nas paredes. O rato do 2000, vítima de defenestración, converteuse nunha pésima compaña comendo quilos de papel en forma de correspondencia varia. A cabra do 2005 deu vos resultados á churrascaría do final da rúa e o poldro do ano seguinte, fíxome rei por un día na festa gastronómica exaltación da carne de cabalo, organizada por min mesmo para extirpación de tan indiscreto furúnculo.

E malia o que poda parecer, os animais, como a gastronomía, forman parte indispensable tanto das miñas relacións sociais como da miña dieta, o que vai singular e indefectiblemente unido. E malia que as asociación pro-dereitos dos animais consideren que xogo a ser Deus coas pobres criaturas que teiman en caer nas miñas mans, eu prefiro figurar como a Virxe María, cinguíndome ao meu papel secundario, grávida de grandes ideas culinarias.



PAXAROS NO DESERTO
por Alberte Momán

Afundía o fociño no alpiste, mentres ollaba con desconfianza ao camareiro. –Diría que estes graos están abondo salgados!- Cuspía pequenas frangullas sobre a cunca da que era contrario a sacar a faciana.-Seica non sabedes descansar nin en festas? Todo se vos vai en gañar cartos!- Aseguraba volto sobre a barra, á que permanecía fortemente anexionado, grazas a uns brazos endurecidos polo traballo, e a unhas mans non menos contundentes que se aferraban ao extremo metálico, co brillante dourado dos anos relucindo entre a penumbra da estancia.-Esta cousa non a come nin mariasantísima!- Comía emporcando o rostro con fruición e miraba a indiferenza do camareiro, que a uns metros de distancia, fregaba con insistencia obsesiva unha copa apenas saída do lavalouzas. -Pensades que somos bestas. Que habemos achegarnos aquí por calquera merda, só porque non temos onde ir? Pois sabede que eu teño casa, que non me dades nada que eu non poda conseguir aló, da miña muller, que cociña ben mellor ca ti e que esa fulana que chamades cociñeira. Si, ti, porcona, que non lavaches as mans dende que che trouxo o teu chulo por unha orella, hai xa vinte anos- Deixou de falar, por un instante, tan só para coller aire e tragar a masa informe que rebulía, abalada polos recorrentes movementos da lingua que procuraba buscarse un oco para emitir sons recoñecibles entre toda aquela maseira.- Oes ti. Hasme poñer outro viño! Tinto, si. Este que me puxeches antes, xa queceu e non hai quen o trague.- O camareiro, consciente que a espera aínda ía ser longa, accedeu a poñerlle outro viño, afastándose deseguido ao lugar que ocupaba, para realizar a idéntica tarefa. Fóra facía frío e caía unha auganeve en diagonal, procedente do nordeste. As luces penduradas na noite sobre a estrada, loitando por prevalecer, inducían a cuestionar a conveniencia da festa. O murmurio dun vehículo íase facendo máis perceptible a medida que andaban os persistentes segundos do inverno. O ruído da freada silenciou ao comedor de alpiste e freou a actividade do camareiro, que, ofrecendo a ollada á fiestra empanada, viron as luces dun coche fronte ao establecemento. As portas abríronse e pecháronse de seguido e uns pasos húmidos e pastosos dirixíronse ás carreiras até a porta do bar. Os brazos inertes dun chuvasqueiro fluían entre a tormenta, caendo pesadamente no momento no que o impetrante accedeu ao interior. –Oes ti, pasmón! Seica os teus pais non che ensinaron a poñer ben o chuvasqueiro.- Falou o comedor de alpiste, provocando un silencio que o camareiro, na súa natural indiferenza, procurou non romper. –Teñen que desculpar, pero ando buscando unha estación de servizo. Hai uns trinta quilómetros que quedei na reserva. O GPS do coche indícame que neste



lugar hai unha gasolineira, pero só hai este bar. Poderíanme indicar onde podo atopala.- Calquera dos dous homes podería terlle indicado ao descoñecido que detrás mesmo do bar había un surtidor de *diesel*, tanto para maquinaria agrícola como para outros vehículos de tracción. Poderían chamar incluso polo dono do mesmo, que adormecía na casa, ao quente, mentres os clientes se ausentaban para satisfacer outros compromisos. Poderían, incluso, ofrecerlle un paraugas para realizar o traxecto, de escasos cincuenta metros, que o separaban do ansiado combustible. Pero preferiron que o silencio gobernase a estancia. –Ben, eu vou, logo. A ver se ides mamar ti e esta merda de viño que serves, mamalón!- entorpeceu a calma o comedor de alpiste para saír fóra, apartando ao estraño dun empurrón. O camareiro, pola súa banda, deixouse caer nunha banqueta permitindo a fuxida, de entre os beizos, dun salouco.–Desculpe, non sei se entendeu a miña demanda?- Rompeu a falar o estraño. –Ben sei, ben sei. Tómelle unha cunquiña. De tapa temos lura á romana, tortilla, orella, macarróns con tomate e paella. Se prefire algo frío, temos lacón, chourizo ou queixo.- Absorto na resposta o estraño virouse cara o exterior sinalando o coche aínda aceso e cun aceno mostrou o seu destino máis inmediato. –Non se preocupe, Ô! Total, co gasoil que lle queda non había chegar moito máis aló do acceso á autoestrada, e coa noite que vai, ningunha grúa se ía achegar por vostede até mañá pola mañá. Chame por teléfono a quen queira e sente, á primeira convido eu.

CHOVE FORA
Por ALFONSO LÁUZARA

Chove fóra. Na casa non, na casa vai calor.

O vello durme. Na súa cama o vello durme ou non. Parece que chove. Chove. Chove. Na noite de paz noite serea soa impregnada no aire unha vella canción. Boa noite. O vello soña no leito.


A súa filla e mais o seu xenro están a monta-lo arboriño do Nadal, estano a adornar ben, estalle quedando ben moi ben este ano; mais este acontecemento repetido percíbeo o vello moi vaga e remotamente no seu soño de inverno, iso é algo tan insoportablemente levián que non consegue rompe-lo soño curado do vello. Chove fóra, chove na rúa meu amor, na casa non. Na casa vai calor. Na cama o vello morre de calor.

O vello ten a boca seca de polvorón reseso, quere pedir un vasiño de auga mais non dá en falar. Quer dicir e non di nada. Eles murmuran e rin docemente sen faceren moito ruído, non vaia ser, non son horas. O vello durme e non di nada, nada de nada. O vello ten sede, quere beber mais non di nada, non pode.

A árbore vai enchéndose de cintas brillantes, bólas de cores, pequenos bonecos, adobíos varios, chirimbolos de todo tipo que penduran que adornan que enriquecen que enchen o Nadal sempre baldeiro de seu. Mais se está ben no fogar. Vai calor na casa. E fóra... fóra chove, chove moito insistente, chove fóra meu amor. Na cama o vello morre de calor, non se pode queixar.

Pásano de medo estes casados. Son novos e teñen un matrimonio novo. Están a gozar coma nenos, coma ananos, adobiando a árbore que xa está montada. Bah! Non sexas parvo. Que si, muller, que si. Que non me belisques máis. Que queda ben esta bóla aquí, verdade? Veña un bico. Esta cinta vai para alá. Que deixes de cascar noces. Que non fagas tanto ruído. Que non poñas iso aí, que si, que non, que si, que si que aquí queda ben, que si muller, que non home, que non, que si muller, mira que ben. Que me deixes de toca-lo cu, que non sexas pesado, que non bebas máis anís. Veña muller! Que tal isto aquí? Ben, si, si, claro. Quita home! Logo, díxenche que logo, non sexas pesado. Veña outro bico. Mira ti que lindo, reconcho. Imos xa? Imos entón? Imos pois!

Na casa polo baixo hai unha festa esa noite de paz.



Ateneo Ferrolán

Pero fóra... fóra chove, a escuridade faise auga que lava, que enchoupa e que cala. A chuvia medra no aire húmido do silencio da noite que cala, emporiso quere entrar na casa.

Tamén chove arestora no corpo rancio do vello. Chove suor a fío, choven bágoas que buscan as pronunciadas canles da súa osuda faciana enrugada e baixan descenden paseniño entre a barba miúda, dura de tanto coma ten chovido. Hogano choven cataratas nos ollos do vello. Nos ocos dos seus ollos escuros cansos afundidos érguense un intre as pálpebras e fica coa ollada opaca na rañura da porta entreaberta. Non sinte a súa propia respiración, sómente a chuvia con furia insistente no cristal da fiestra e algunhas voces baixas procedentes da sala, unha maina mestura do inquedante pasar do tempo. Acaso pensa que nos tempos do tabaco e a paipa el vivía mellor. Xa non tuse, tampouco sinte a súa respiración saír do peito. Todo vaise, todo quedou atrás. A chuvia segue a caer, sen présa. Chove. Chove sobre mollado.

Tras a porta percíbese unha feble claridade artificial na dirección do murmurar incesante dunha pequena familia enleada en ilusións e ledicias. De súpeto xurde unha luz de cores intensa que chisca, acende e apaga i acende e apaga e segue e non para. Fóra a chuvia non cesa, segue, medra, insiste; fóra chove, dentro vai calor. Dentro, na cama, o vello morre de calor mais non se move. Baixo da saba o vello non se move, tampouco lle sae a voz. Quere falar, ten sede, quere beber e da gorxa non lle sae voz ningunha. Pola contra, chégalle aquela luz intermitente que confunde, que engana a súa vista cansa. Pérdese nas tebras e axiña pecha de novo os ollos e volve á noite infinda para se diluír na desolación.

Sen se queixar o vello morre de calor, morre quedo coma un anxo murcho. Morre de calor. Fóra chove. Na cama a chuvia é diferente. E na sala remata a *festa-en-voz-baixa-lai-descafeinada* porque a árbore xa está lista e quedou fermosa caramba que si, pensan senten asenten eles contentes de anís. Xa son horas e hai que deitarse, entrementres no cuarto do vello un arrouto restaurou o silencio no reino-fogar da calor inmensa. Son os derradeiros gases de quen xa perdeu o gusto e acolleu no seu leito desencanto e resignación.

Achéganse xuntos os dous. Entran e todo semella igual, daquela retíranse satisfeitos.

Se cadra, o vello deixou de cavilar. Nunca choveu que non parara e desta volta tamén parou. O vello morreu polo Nadal. Foise coa chuvia e o vento nunha noite de paz. Morreu quentiño.

O GASTRÓNOMO SECRETO DAS LÁMPADAS DE INCANDESCENCIA

por Mario Pardo Pérez

Uns din que para cociñar ben unha lámpada hai que pasar pola Universidade, outros que non. R, vamos chamalo coa mellor intención R, pensa que non, e lembra que o seu profesor de Química, o Profesor Zato, é xermanófilo, de carácter prusiano pero amigable, e voz atordante: "Non o chamen tungsteno, ¡volframio!; estimados alumnos, ese é o nome correcto do mineral base dos filamentos das lámpadas de incandescencia. Volframio, o mineral da cor gris aceirada, de aí o seu nome en alemán, wolfram, que traducido vén a ser: da cor da baba do lobo. Wolfram, con W, igual que o seu símbolo químico. Volframio, wolfram, nada de tungsteno, esquézanse dese anglicismo."

A R gústanlle tanto as luminarias que case non teñen secretos para el, sabe que o seu filamento acada 2000 ºC cando se quenta e emite luz, tamén que a tan alta temperatura o arame se volatiliza, o que provoca o seu adelgazamento e posterior rotura, R coñece o truco para retardar este proceso fatídico, a atmosfera que rodea o fío está constituída por gases inertes como o Argon. A súa erudición sobre este tema é grande, pero aínda o é máis a súa humildade, todos os días repasa e afonda os seus coñecementos.

Recréase R medindo a resistencia do arame en frío cun ohmímetro, valor que non lle serve de nada, pero aínda así mídea; de seguida calcula o valor da resistencia que terá o fío en quente usando a fórmula que vencella a resistencia, a voltaxe e a potencia (R igual a V ao cadrado entre P). A medir e calcular o valor óhmico do fío chámalle pesar os condimentos.

Con mestría perfora cunha broca fina o vidro e aspira a atmosfera protectora, despois acende a lámpada e observa como, en poucos segundos, o filamento fúndese. A cocción, chama R a este proceso. Logo, con coidado rompe a ampola e cunhas pinzas retira o filamento feito un chamusco. Hum, hum, que rico, di R, todo gula mentres o mastiga. Pero o deleite non lle entretén o seu ánimo científico, anota na súa libretiña: 25 do mes do Nadal do ano 1942, Osram, 15 watts, rosca vela, 1456 ohms en frío, 3526,7 ohms en quente, sabor agridoce nada metálico.


Ateneo Ferrolán
r = v2/p

SETE CONTOS DE NADAL
por Marisa Méndez

A Calexa desprende un cheiro húmido que todo o mundo recoñece, trátase dunha especie de mestura gomosa entre salitre e carbón, que vai penetrando porta tras porta, casa tras casa, ata chegar ao corazón mesmo das pedras, alí onde se temperan os fríos e amorna o inverno.

Marcadas nas ventás, coma nun desfile incansábel de vagalumes, luces acesas reptan enroladas aos piñeiros de Nadal. Forman unha cabalgata repetida en múltiples cadros pendurados ás fachadas. A calexa, na perspectiva da noite, entre os claroscuros dos farois, transfórmase nun museo vivo que todo o mundo constrúe e non todo o mundo se percibe.

Pendurada no lado esquerdo do segundo andar, na fachada número doce, Irene cabila o novo conto que se trae entre mans. Tamén percibe o cheiro que a conecta profundamente co seu corpo, pode sentir o traxe de pel enxugado que a cobre, ...saborear cada fendedura do tempo ...a lentitude calma dos movementos. Coñece moi ben a dimensión pracenteira do cheiro do carbón mesturado coas mareas vivas do inverno, éntralle polo nariz coma nun chafariz de emocións e experiencias aínda vivas no tempo. Sempre que regresa á calexa percibe intacta esa capacidade de notar os cheiros e de escoitar os contos, as historias de aquí e acolá, vellas e novas... as historias do acontecer

Lembra, cando hai cincuenta anos, viñeran as escavadoras seguidas de todas aquelas máquinas e camións.... Tal parecía que a obstinación humana pretendía cercar o mar. Aterraron e volveron aterrar, trouxeron penedos, fixeron rochas de formigón... e enriba de todo, colocaron a prisión de mulleres. Un edificio alleo, envolvido sobre si mesmo, insensible ao mar. As autoridades do momento colocaran unha placa que dicía "Cárcere de San Agustín" mais as xentes do lugar, en alusión á forma, sempre a coñeceron por "A Circular".

Dende a ventá Irene ve as ondas máis brancas ca nunca, mira con pracer a forza das cristas a desfacérense en retorcidas espumas. No seu cuarto non hai luces acesas, tampouco piñeiro de Nadal, todo é mar, por fora e por dentro, a espallarse polas paredes, a filtrárense entre as sombras do luar e deixar notas de luz nun pentagrama mariño que so algunhas noites sabe descifrar. Está alerta, moi esperta, quere aproveitar a maxia que transpira e escribir o agasallo de Nadal para ás nenas e nenos que pasan as festas na Circular. E, coma se todo estivera previsto, ve colmarse de palabras os regos da escrita, chegan numerosas dende as profundidades do tempo, traen grafías xamais vistas, ecos de buguinas, gargalladas de auga ... Tal é o xogo da fantasía e do mar!

E así foi que naceu o conto da "Lúa Lueira", dun acto de amor acuoso. Di así:

A Lúa que eu coñezo non ten dúas caras, ten seis. Son as caras do Álvaro, da Tálita, do Xosé Paulo, do Andrés, da Lupita e da Rosario, meus amigos e amigas que teñen a nai presa na Circular. Hoxe, por exemplo, o luar é do Andrés. ...Parécese a un mar de cores, petado de xoguetes, ¡A moreas! ...Ata rebordar o patio polos tellados máis altos e saír a remo dunha góndola coa mamá de pasaxeira e percorrer con ela montes, vilas e mercados.

Onte, sen ir máis lonxe, foi o Xosé Paulo quen prestou luz ao astro. Era vermella, cálida, coma un abrazo de nai xenerosa, un cobertor de inverno para os fríos muros do patio que, por obra e graza do amor, cedían ante os brazos e derretían tódalas rellas da Circular.

Gústame especialmente o luar cando vai vestido de Lupita e de Rosario, saberedes que a Lupita e a Rosario son dúas irmáns que se queren moito, andan sempre as beiras e ninguén as viu nunca pelexar. Pois direivos que cando o círculo da noite reflexa trenzados os seus sonos, escóitanse cancións de corro por tódalas corredoiras e patios do lugar, entón, pendurada do ceo, descende unha enorme corda para que as presas suban altas, coma a lúa, e vexan as estrelas de Cataluña.

Cando a lúa brilla verde selva, no luar da Tálita, pódese contemplar como un bosque de baobabs alza o cárcere ata o ceo e, coas plumas das aves que habitan nas polas, tecer as para a imaxinación ...Coa Tálita o luar tinta de verde o espello da noite e o cárcere cede á inspiración da selva.

O Álvaro é o benxamín do grupo, tan so ten dous anos, a súa lúa é toda branca, coma o leite, parece un peito xigante, para dar moita fartura, e logo soñar cun mar branco a soprarlle alento na orella.

E todo isto é posíbel porque as Lúas Lueiras entenden de sonos e se pasean por tódolos camiños e lugares.

Irene garda o conto na maleta, síntese ben e, coma se tivese corpo de nena, baixa as escaleiras de dous en dous ata chegar á beirarrúa. Fora é a noite de Nadal, na Circular agardan por ela e non ten ningunha gana de facerse esperar. Cando chega ao edificio, pola porta traseira, sente a vertixe do acantilado mentres accede, vixiada polas cámaras e grazas a un sistema electrónico de apertura, a un longo e escuro corredor que a leva, finalmente, ata a cociña onde as mulleres dan os últimos toques á cea. No comedor, o balbordo do momento ignora ás palabras reais que, monotonamente, reproduce o televisor, a falacia do Nadal non parece convencer a ninguén, tan so reina a sedución pola permisividade do momento que os agasallos contribúen a reforzar, entre todos destaca un bosque de baobabs, unha góndola nun mar de leite e os astros do ceo a reflectir no mar libre, sen circular.

De regreso á Calexa, a marea baixa provócalle as ganas de afundir as dedas na area, dirixe seus pasos ata a beira e deixase invadir pola agradábel sensación da pel mollada. A resaca ráscalle nas plantas dos pes e trae, reboleiras, varias algas que enverdecen os nocelos, tal e como acontecera aquela tarde cando, de nena, escoitara por primeira vez os segredos das buguinas e descifrara os primeiros contos do mar. Daquelas nacera a súa paixón polas historias e descubrira a súa Lúa Lueira enchida de personaxes esquecidas. Gardáraas na maleta polo puro pracer darlle outra vida, outras posibilidades á historia.

Sen mirar atrás, atraída e satisfeita, entrégase ao mar ata máis aló do azul e facerse peixe. No espello da lúa flota unha maleta viaxeira. Vai cargada de palabras! ...E, polo camiño, aínda sen escribir, a Lúa Lueira chisca un ollo a seis caras atentas ás artes de voar.



MAR DE VIDA, MAR DE MORTE
por Miguel Angel Alonso Diz

"Aos mariñeiros e ás súas familias, valentes sufridores de atípicos nadais"

O mar batía forte contra a pel do barco. Aquela noite fría e húmida, como de costume, carrexaba no seu lombo un sentimento de infinda tristeza que impregnaba os meus cansos osos dun silandeiro arrecendo a morte.
Sete días. Unha semana.- murmurei cos beizos adormecidos. Sete días dende a morte do Augusto que ben semellaban sete séculos, xa que cada segundo luído afastaba máis e máis o rostro do meu amigo.
Só restaba un día para o **Nadal**, e menos dun mes para volver bicar terra.
Terra… que fermosa palabra chea de significados!, e porén, por primeira vez en moitos anos, tiña medo de pronunciala.
O defunto do Augusto descansaba na bodega xunto ao bacallau e os cabrachos. Supoño que a estas alturas, xa estaría contando historias aos seus novos compañeiros de viaxe sobre os anos na mariña mercante, e quizais, regresando aos tempos mozos, pode que tamén lle contara algunha anécdota do seu paso pola armada. Moito lle gustaba falar daquelas viaxes, agora eternamente perdidas, nas noites coma esta.
Quizais fora esta a derradeira travesía dos infelices peixes, pero de seguro, que non ía ser a máis aburrida –pensei, e sorprendín un furtivo sorriso que encheu de vergonza os meus ollos inda irritados pola ausencia non asumida do meu amigo.
Como adoitaba ocorrer nestas Terras ao norte de ningures, unha espesa néboa comezou a camiñar lenta e caladamente arredor do barco, e fíxose no meu interior o silencio, como se a mesma néboa reptara pola miña alma até alcanzar o cumio do meu xeado corazón.
Sete días- volvín lembrar, e unha bágoa tentou fuxir, mais o eterno frío da noite convenceuna do contrario.
Lembrei os versos dun poeta galego de nome esquecido:
"O mar sabe a morte e a tristeza labrada…"
Que lle ía dicir a María?
A noite do terrible suceso atopábame eu a salvo na cama, baixo os efectos dos medicamentos que me mandaran tomar por mor desa puta gripe. Lembro a voz do Augusto, inda que agora asemella máis gris, dicindo:
Home, non te preocupes, descansa que fago eu a túa garda. E os seus ollos desprendían vida nese intre, inda que estaban a só dous pasos da morte.
"o seu corpo asemella un sartego de silandeira ollada.."
Que lle ía dicir á miña irmá cando chegara a terra?
Terra… que fermosa palabra chea de significados!, e porén, por segunda vez en moitos anos, tiña medo de pronunciala.

POSTAL CON NAMÍA

Por Xoán Carlos Domínguez Alberte

Para Mª. Carmen Alberte

Tomou a determinación de a ir ver cando desconfiou que se sentiría abouxada pola campaña publicitaria de nadal. Non lle foi doado chegar. O interior do deserto do Sáhara, na sociedade de consumo, nunca aparecía nas ofertas das rutas turísticas de lecer. Dixéranlle que alí sempre había unha temperatura extrema, con máis de cincuenta graos á sombra, mentres que, no inverno, o frío chegaba a conxelar. O seu paradoiro era o campo de refuxiados "27 de febreiro", no distrito de Smara, unha cidade considerada sagrada naquel territorio.

Cando a viu, entre unha morea de cativos esfarrapados, decatouse que a area que se lle apegañaba á pel xa non encubría todos os quilos, non demais, que collera con ela no último verán.

—Ola, mami —foi a expresión contundente que precedeu ao abrazo cálido con que a recibiu, coma cando viña aquí, no tempo noso de vacacións.

Despois da ledicia do primeiro encontro o ollar apagado da nena advertiuna que era o adulto quen tiña todo por aprender. Entón lembrouse do mel, que lle enviara no fardel da equipaxe, para facer máis dixeríbel a lentitude da eternidade das horas que nunca avanzaban no reloxo de area do deserto perdido da ocupación.

Na semana que alí pasou, a dureza extrema que aquel pobo tan castigado tiña que padecer contrastoulle coa percepción dunha realidade auténtica sen mediacións. Antes da viaxe, como fonte documental introdutoria, conseguira botarlle unha ollada ao testemuño presencial do escritor Fran Alonso, no libro *Territorio ocupado*, que lle acabara resultando tan esclarecedor.

Mais agora, alí, confundida a súa intensa tez escura de turista entre aquela xente que a trataba coma unha máis, era testemuña directa de algo que non deixaba de abraiala. Ao pouco de chegar, a cativa, con contido xesto de ledicia, colleuna da man e levouna a un pequeno espazo, sinxelo e acolledor. E díxolle que aquela era a súa escola de primaria, semellante á que había noutros moitos lugares. Cumprían unha moi importante función.

No intre da invasión marroquí o analfabetismo, como signo claro da herdanza colonial hispana, afectáballe á case totalidade da poboación. Pasadas dúas décadas, case todos sabían xa ler e escribir.

Definitivamente, matinou, a pesar das máis duras condicións de vida, impostas por un brutal asoballamento, xustificado pola non inxerencia internacional, aquel tiña que ser, pola propia forza ditada dende o raciocinio, un pobo con futuro. Suplían a carencia de recursos coa instrución.

No tempo que a nena convivira con ela, no sur de Galiza, os últimos veráns, tentara quitarlle a idea, ao parecer común segundo arraigada tradición, de ter fillos de adolescente. De o poder conseguir, o que lle gustaría, de grande, era ser médica ou mestra. Daquela, seguir traballando, á espera de mellores tempos, na tarefa diaria da reconstrución social.

Por iso agora ela, no intre do seu regreso á chamada civilización, sentía, en carne propia, como algo no seu máis fondo interior se conmovía e non era quen de expresar un confuso sentimento maternofilial que ía moito máis alá da consanguinidade e se convertía nun auténtico vínculo humano universal. E isto si que era un auténtico principio vital ao que se podería aferrar para afrontar o imparábel trafego comercial da súa sociedade, a diario, autenticamente abouxador.

Ateneo Ferrolán







Ateneo Ferrolán

O NADAL E EUROVISIÓN?
por Beatriz Fernández Varela

Preguntarédesvos qué relación pode ter o Nadal con EUROVISIÓN…
O mellor é que vos poña en antecedentes:

Eu vivía noutra cidade, compartindo piso con máis persoas, ese ano por mor do traballo non puiden coller vacacións no Nadal, polo tanto os meus pais decidiron vir a pasar as festas comigo, o resto dos meus compañeiros fóronse ás súas respectivas casas, agás un que era de Holanda e decidiu quedarse, pois a súa nai aproveitaría para vir a visitala - cidade…

Pois ben, íamos a ser cinco persoas no piso. O meu compañeiro, que aínda que holandés, falaba perfectamente a nosa lingua, a súa nai que só falaba holandés, os meus pais e máis eu.

Antes de que os nosos respectivos familiares chegasen podedes imaxinarvos o moito que o meu compañeiro e máis eu nos rimos pensando como ía ser aquilo…xa que non se entenderían entre eles…

Chegou o día de Noiteboa, Kin (perdón, aínda non fixera a presentación do meu compañeiro de piso) é máis eu ocupámonos de facer a cea, saíunos moi ben, para que negalo. Durante a cea Kin fixo de intérprete, pero chegou un momento no que na televisión puxeron unha canción de Eurovisión do tempo dos nosos pais… Supoño que o viño e o cava da cea axudou un pouco pero de súpeto aquilo converteuse nun sen parar de cantar e cantar de todas as cancións de Eurovisión, xa non necesitaban a ninguén que lles axudase a comunicarse, estiveron horas e horas cantando.


Á mañá seguinte, o día de Nadal, Kin e máis eu tamén fixemos a comida e para sorpresa dos dous, os nosos pais xa non precisaban tradución das cousas, entre xestos e risas comunicábanse estupendamente. Despois do xantar de Nadal retomaron o repertorio de Eurovisión.

A min concretamente estas festas non son das que máis me gustan, pero lembro as de ese ano con moito cariño, incluso con saudade.

O MENIÑO E O INCÓGNITO

Por Óscar Bouzas

O meniño xa non sabía que pensar, levaba xa un bo anaco teimando con chegarlle a boliña aquela laranxa que peneiraba pola metade da árbore. E teimando, teimando, pensaba para si se tan grande sería a boliña ou sería cousa súa. Tiña a esperanza de que desta non o cachara a nai, que estaba na cociña coa porta aberta, preparando uns doces para non se sabía que celebración. Porén, o meniño foi caer có cu no chan, e nisto que se lle deu por chorar tan forte tan forte que a nai, que xa estaba un pouco farta, baixou da árbore a boliña aquela laranxa e deixoulla ter finalmente. E logo? Non había de tragala sendo esta tan grande, e aínda tiñan boliñas abondo, que xa se encargara o seu pai de traer unha morea da tenda que había enfronte ó seu traballo, xunto coa árbore, que tanto lle recordaba a súa infancia, alá polo outro lado do Atlántico. Tempo atrás, os pais do meniño decidiran mesturar a súas respectivas culturas nas festas marcadas, coma o Nadal, polo que resulta que a nai estaba a facer mazapáns na cociña cando o seu fillo caeu no chan da árbore que lle trouxera o seu pai. Deixara de chorar, mais feliz aínda non estaba porque o traballo xa llo fixera a nai, e se o supera antes, pois aforraba o esforzo, xa que so tiña que botarse a chorar desde o comezo e problema arranxado, por iso non lle fixo caso a ela cando lle dixo que ficara quietiño durante cinco minutos, que logo ía ser hora de comer, e marchou coa boliña na man polo corredor adiante na procura de novo retos, e ollaba para os cadros, tan altos que lle facían pensar que efectivamente, era cousa súa, aquilo non pagaba a pena nin tentalo. Entón, seguiu abaneando os seus peciños ata que chegou o remate do camiño, e aquí a aventura comezábase a complicar, porque apareceron perante o meniño tres muros bizantinos que lle obrigaban a escoller o itinerario para continuar. Ficou durante un intre coa boca aberta, e resulta que como era medio galego non se daba decidido, e a boca íaselle abrindo máis e máis, mais entón a súa face emprendedora axudoulle a escoller o único dos muros que estaba fendido, e que se podía traspasar, así que o meniño pechou a boca, xirou sobre si mesmo, e nun ariscado movemento, no que case perde a boliña laranxa aquela, traspasou a fenda do muro e atopouse coma noutro mundo, que nunca antes vira, e que semellaba como para outra xente. No centro do conxunto erixíase unha casa de madeira, que semellaba estar feita por un xigante, deixaba pequena á árbore, e agora si que tivo que soltar a boliña laranxa aquela para poder comezar a conquista, se ben deixándoa no chan, por se tocaba o premio de consolación. E o meniño abriu a porta que daba ó xigante e sorprendeuse da cantidade de roupa que tiña, menos mal que non estaba na casa, e nestas que o meniño ía comezar a abordaxe cando ollou para unha bolsa do Corte Inglés que estaba debaixo do roupeiro



do xigante, nun recuncho, como agochada. O meniño, cun esforzo titánico, estirou o seu braciño e foi achegando cara si a bolsa, curioso de seu contido, que se cadra podería superar en valía ó seu primeiro trofeo. Cando abriu a bolsa máxica, abraiouse de ver unha caixa coloreada de azul, cunha persoa a dereita vestida con chapeu, longa capa, e máscara, xunto con outras persoas igualmente vestidas, no centro un nome: *Incógnito: un juego de espionaje para toda la familia*. "Isto si que é un tesouro" pensaba para si o meniño, e pousou a caixa xusto enriba da alfombra, e resulta que a verba *Incógnito* comezoulle a dar voltas e voltas na cabeza, e cavilando cavilando, lembrou cando o seu irmán maior dixera non sei que dun xogo de máscaras ou algo así, e que molaba moito, e que mesmo lle ensinara o anuncio na televisión a el e mais o seu pai e todo, onde aparecía a mesma faciana da caixa. E cavilando cavilando, o meniño decatouse de que aínda non chegara a noite na que dis que viñan os señores aqueles das coroas, porque os seus pais inda non lle fixeran ir durmir mais cedo do normal. E resultou que o meniño deixou a caixa e a boliña aquela laranxa e desfixo o andado para dicirlle a súa que os reis chegaran antes de tempo aquel ano e que como sería aquilo que para a súas maxestades o seu irmán tiña privilexios sobre el por cuestións de idade. Anos despois o mesmo meniño, xa a altura dos xigantes, lembraría aquel atípico Nadal no que descubriu que era fillo de reis sen sabelo.

O REENCONTRO
por Pedro Naveira Pedreira

Ía moi curto de forzas por mor da longa ruta que percorrera aqueles dez días coas súas noites. Esporeou o canso cabalo para rematar o ascenso da costenta congostra que, entre piñeirais e xesteiras, levaba ata o outeiro. Xa no alto, albiscou con doce morriña a paisaxe montesía do Courel, a mesma que enchera os seus anos mozos. Ollou o val largacío, a cativa aldea e o humilde casal familiar coa súa cheminea fumegante. A verea de baixada era doada de facer; xa que logo chegou axiña onda o valado que cinguía a propiedade. Un grupo de rapaces pasou preto del cantando panxoliñas.
-Bo Nadal! –berraron todos á vez moi parrandeiros.
-Bo Nadal, nenos, pasádeo ben! –respondeu el, e deu en rir, decatándose entón de que había unha chea de tempo que non o facía.
Desencabalgou, e logo seguiu a pé coa besta pola corda. Xa na eira, amarrou esta a un chantón. Era o solpor, e o día esgotábase aos poucos. Foi entón que a viu saíndo do pallar carrexando un feixe de herba. Ía co seu pano mouro na cabeza, coma sempre. El ficou inmóbil pois se lle agarrotaran as pernas. Ao cabo duns segundos arrebolou o chapeo a voar polo ar, como adoitaba facer antano cando volvía ao fogar ao rematar os labores no campo. Decatouse ela, dirixiu a vista onda el e ollouno en fite un longo anaco. Abraiada a anciá, a herba caéuselle ao chan. Xamais lle pasara polas mentes velo de novo. Des que liscara fuxindo da contenda civil, no 36, non soubera máis del. Transcorreran case que dezasete anos e supúñao morto, mais agora, ao telo diante, non dubidou.
-Es ti, fillo? –faloulle coma quen non cre, remelando os ollos.
-Son, miña nai! –berrou el coa voz tremente.
Foise achegando paseniño, mesmo entalado, e a muller agardouno queda con aceno tenro. Xa un ao carón do outro, deron en choraren bágoas sentidas e sinceras. Ela, coa man curtida de seu, acariñoulle o rostro fraco e sen barbear, e os seus corpos selaron o reencontro nunha aperta sen fin que encheu de acougo as súas almas. Ningún dos dous foi quen de falar ata que ela arrincou e dixo case nun murmurio cun sorriso na face:
-Estrañeite moito.
El quixo responder, mais as súas palabras ficaron presas na gorxa sen ser quen de traducírense en son.
-Tes fame, non si? Mesmo á mañá fixen un biscoito caseiro dos que tanto che gustan –dixo a nai.
-Botábao de menos..., e botábaa de menos a vostede, nin imaxina como –el fitouna agora e sorriu tamén.
-Cantos "nadais" sen ti, Xosé! –exclamou ela, e as nobres engurras da súa faciana parecían




ceibaren unha ledicia irrefreable.
-Moitos, si, miña naiciña, é mellor non botarmos a conta. Ademais, hoxe temos que festexarmos a Noiteboa –respondeu el tentando conter o pranto, que quería saír de novo.
-Arrefría, meu ben. Entra, que a nosa cea xa está feita –dixo a muller con tenrura.
A airexa maina trouxo un glorioso recendo a caldo de repolo. O retornado colleu á nai polo ombreiro, e foron devagar cara á casa silandeiros. En chegando á soleira el tomou ar a pracer, pois estaba a sentir naquel intre a paz infinda que dá volver ao eido. Xa dentro, pousou nunha cadeira o fardel coas súas poucas pertenzas, e a seguir bicouna a ela na fronte.
-Estou emocionado de vez por estar de volta –confesou o fillo.
-Eu tamén, senta aí, no teu sitio, que che boto un pouco caldo ben quentiño.
Todo estaba coma sempre no fogar, o lume na lareira, as serraduras no chan, no recuncho o caxato do pai falecido, e... Ollou entón a mesa posta, e xa non foi quen de frear as bágoas, deixándoas esvararen ceibes polas meixelas. Encol dela, fronte ao da nai, estaba o seu prato de louza de sempre, dourado polo bordo, e o pano de mesa coa "X" do seu nome de pía, o mesmo que con fío vermello lle bordara ela cando era un meniño. Todo aquelado para o mellor Nadal dos dous.
-Vaites! Mesmo semella que soubese vostede da miña vinda hoxe –afirmou Xosé.
-Para min non marchaches, endexamais deixaches de estares comigo e decote sentía o teu arrimo no meu corazón –falou a nai namentres cortaba unhas rebandas dun bolo de pan de millo feito no forno da casa.
-En diante terá a miña compaña, mais de verdade –ao dicir isto, o pranto mesturouse cun tímido sorriso na face del.
Achegouse a ela de socate e deulle outra aperta, e así estiveron un bo anaco, cos ollos fechados, deixándose levar pola acordanza e sen dicírense máis nada... Non facían falla palabras.

O SOLPOR CHEGOU ROTO
por Clara Isabel Rodríguez Giraldez (Clara de Roxo)

O solpor chegou roto, metido nos ocos dos paxaros metálicos nun atardecer de corredores e cintas transportadoras ateigadas de maletas rodadoras. A sístole e a diástole saíndo do meu peito entre as costelas nun balbordo silandeiro. Paseniño cheguei á porta detectora de metais co medo abrochado na gorxa. Os gardas civís desprovistos do seu halo xerador de medo, atopábanse enfrascados nunha intelectual conversa acerca do fútbol, alleos a min e máis á pantalla. E a miña bolsa cargadiña de explosivos diante das súas narices.

Mirei o derradeiro solpor derramarse sobre a pista e os douscentos sesenta pasaxeiros gozamos del por derradeira vez.


teneo Ferrolán

OS REIS NON SON PAIS
por Arturo Lezcano

A min non é que me guste moito o Nadal, malia que non hai que ir ao cole, e iso non se paga, e o que outra cousa diga, minte.

Estou canso de que todos os Nadais me aloumiñen tías e tíos, sen contarmos os amigos deles. E iso aínda podería aturalo, se non fose a caterva de primos, agás un par deles, pois irmáns non teño. Xa de entrada, ou axiña, non hai Nadal sen zoupadas. É que eu no lle consinto ningún abuso nin ao maior dos meus curmáns. A min polas boas, o que queiran, anque sempre sen asoballar, pois.

Este ano armouse ao final. Un dos meus primos teimou cos máis pequenos que os Reis Magos eran os pais. El non ten probas. Eu, si.

Foi unha noite, á luz dos milleiros e milleiros de estrelas xiadas de xaneiro.

Daquela foi o mellor Nadal da miña vida, que nunca esquecerei.

Os Reis, de certo, non son os pais.

Os Reis son os avós.

Vinos eu.

Ateneo Ferrolán



A NEVE CUBRÍAO TODO
por Paco Oti



A neve cubríao todo, mais deixaba ver siluetas brancas sobre o fondo branco naquela paisaxe de inverno. Era decembro, diso estaba seguro, pero que máis podía asegurar? Pouco máis podía dicir. Aquel home estaba só, cuberto de neve ate o embigo, nunha paisaxe invernal, e non lembraba nada; nada lle era familiar, non se vían camiños nin casas, nin sequera pegadas de xente, de vehículos ou de animais. Era un deserto aquela paisaxe, un deserto abrupto, escarpado, con duras e inmóbiles dunas de pedra, con brancas e frías dunas como queixos de tetiña, e el, unha formiga, un ácaro perdido nesa inmensidade. O sol relucía nun ceo sen nubes, disparando raios contra a pálida neve; era tanta a luz que cegaba os ollos; pero non quentaba. Aquel sol non o ía sacar de alí, nin as súas pernas, que xa non sentía. Estaba atrapado. Como podía ter chegado a esa situación? Non lembraba nada! Pensou en berrar pero contivo as ganas, non se podía volver, non vía o que había nas súas costas, e tivo medo de que o seu berro provocara unha avalancha que acabara por cubrilo de todo para facer daquela montaña illada a súa propia tumba; se así fose non podería ser descuberto ate a primavera; pero tampouco sabía como tiña chegado ate alí, xa que logo podía estar moi lonxe de calquera lugar civilizado e o seu corpo podería acabar sendo comesto por calquera animal do monte, e el non quería iso; de ter que morrer, quería un enterro común, ser chorado e transportado a ombros ate o cemiterio; que alguén se lembrara de lle levar flores no mes de santos; quería unha morte digna, cun enterro digno, e un digno funeral, pero sobre todo, quería vivir! Si, aquel home enterrado de medio corpo, que xa non sentía as pernas, quería vivir, e sen pensalo encheu o peito de aire para ceibar un berro que lle saíu seco, sen forzas, como o gruñido dun oso ferido e moribundo; aínda así, fixo un novo intento que saíu con máis alento.

- Eeeeeeiiiiiooooooooou!

E a montaña nevada devolveullo con eco.

- Ooou! Oou! Ou!

Ao que el respondeu.

- Socorrooooooooooooo!

- Orrooo! Orroo! Orro!

Agardou un anaco pero foi inútil, ninguén agás a montaña estaba preto del e quedou decepcionado, só, frío e sen opcións de vida naquel deserto branco, aínda que algo satisfeito por non ter provocado unha avalancha. Comezaba a non sentir as pernas e iso si que podía ser grave, e pensou que sería bo mover os brazos para xerar algo de calor e púxose a acenar con eles, cada vez que os movía as bandas de situación nocturna do seu anorak despedían os raios de sol que se podían ver desde lonxe, mais el non se decatou

diso e tampouco había ollos alí que os puideran mirar, pero el continuou movéndose coma se fose un abandeirado conductor de avións en terra firme, e así estivo entretido un bo anaco, pero as pernas seguían a súa conxelación. De súpeto pensou en usar as mans coma se fosen pas e ir sacando a neve axudado polos guantes, e dixo para si:

- Que parvo son, se comezara por aí, xa podería terme liberado hai tempo!

As súas mans comezaron a traballar como un can cando quere desenterrar o seu óso; quizais, se non lle fallan as forzas, consiga liberarse dese morto frío que o mantén amarrado ao fondo como veleiro fondeado ao pairo.

Non moi lonxe de alí dous corpos camiñan deixando un rastro de pegadas no manto branco, son pegadas dunhas botas de adulto e outras dun neno, dúas persoas que camiñan arrastrando unha póla de abeto que vai deixando varias liñas paralelas trazadas no chan, como vías dun tren imaxinario que se perde na inmensidade do branco.

- Pai, pareceume ver algo que se movía por alí.

- Será algún animal, fillo.

- Os animais non reflicten a luz coma os metais e iso foi o que vin.

Detivéronse para escudriñar a montaña na procura daqueles reflexos, pero non viron nada, e foron de alí para a súa casa a montar a árbore de Nadal que acababan de talar.

Paco Oti



Ateneo Ferrolán

NOITEVELLA NO ALMACÉN DOS PARAFUSOS

por Tito Pérez Pérez

A verdade, nunca coidei que me fora suceder isto. Era unha noite tranquila, a última do ano, traballo ata as dez e logo pra casa. Pero non, tiven que meterme no almacén que ten a porta escangallada, e tiven que quedar dentro. Ó principio non daba creto, tan sequera me amolei. Dixen: "Xa abrirá alguén". Pero non, non apareceu ninguén. O tempo foi pasando, tentei forzar a porta, berrar. Sen resultado. Moi rexa pechadura, o tirador roto, o ruído das máquinas. Lembreime de tódolos santos e dos seus adláteres. Xusto ten que estar fodida a porta o último día do ano, e xusto hei de ficar pechado. Nin comida hai neste antro. Almacén de parafusos. Tan agoniado estou que peto na porta deica magoarme nos cotobelos. Aínda menos mal do boli e o papel. Así escribo e distráiome. Pero nin así(…). Non hai nin un recuncho onde deitarme e tentar durmir. Haberá ratas? Non creo. Só hai parafusos. Noxo de parafusos metálicos, quen puidera dobregalos. Saquei uns cantos e fixen figuriñas no chan. O elefante, o coche e a palmeira. Vaia tres. Debo estar perdendo o senso. Estoume poñendo enfermo por mor do po do chan. Pegáseme nas xemas dos dedos e nas palmas da mans. Se me rabuño a testa énchome de voaxa seca. A roupa xa está perdida. Vou facer un leito coas caixas de cartón. Polo menos han estar menos frías que o chan(…). Fixen unha desfeita. As caixas desvencelláronse ó poñerme enriba delas. Rompín catro ou cinco. Hai parafusos ciscados en cada recuncho. Non me preocupa. Coa rexouba ata me entretiven un chisco. Vou ordenar os parafusos en moreas e así paso o tempo(…). Xa estou na casa. Laura botoume en falta e chamou por un compañeiro meu. Ela e mais el viñeron por min. A verdade riron a esgalla. Atopáronme durmido no chan entre tanto parafuso. Cheo de po, despeiteado e famento. Eu tamén rin. Agora estou co faisán. Cando remate vou celebrar a noitevella con Laura. Hai tempo que non a celebramos xuntos.

UNHA NAVIDADE ATÍPICO
por irene quinteiro

Espertou. Tiña que ser cedo, aínda non viñera. Era curioso o sentido do tempo que tiñan os animais: día tras día, o can entraba na habitación e apoiaba unha pata na cama, sempre á mesma hora. Facía algún tempo que se xubilara, pero o vello canciño non entendía diso. Ás veces quedaba un pouco na cama só polo pracer de velo protestar e tirar das mantas. Facíao sentir necesario. Importante.

Nese momento lembrouno, era o Día de Nadal. Decidiu que hoxe non o faría agardar. Mirou o reloxo. Non podía ser. Ergueuse o máis rápido que lle permitiu o corpo murcho e chamou por el, pero o canciño non acudiu. Foi buscalo na sala, pero non estaba. Sen saber por que mirou cara á porta. E unha certeza asaltouno. Estaba entreaberta.

Desbotou a primeira idea que lle viñera á mente e pechou. Pero pronto tivo que recoñecelo: o can marchara. Fóra estaba a nevar. As ideas sucedíanse na súa cabeza, repartidas entre o temor e a tristeza. Mirou ao seu arredor. O silencio, a soidade, facíanse patentes, afogábanlle no peito. Vestiuse rapidamente, colleu a correa do can e saíu a correr da casa. Ao chegar abaixo dubidou un intre, respirou afondo e de seguida tomou cara á esquerda.

Foi de vagar, mirando por todas as rúas que cruzaban a avenida. Cada vez que asomaba a unha delas contiña a respiración, agardando o momento de ver a pelaxe negra e marrón. Non era un can vistoso, dos que saen na televisión, pero si que era bonito. Dirixiuse decidido ao parqueciño, aquel recuncho pequerrecho, esquecido, pouco coidado. Non estaba. E o parque pareceulle esta vez sombrío, triste e abandonado. Como a súa vellez. Como el mesmo.

Non se rendeu. Foi ata o paseo marítimo. Ao can gustáballe ir por el no inverno e ladrar ás olas que batían e salpicaban aos petóns. Ese ano aínda non foran nunca. Estaba algo lonxe, levaba moito tempo camiñando e doíalle a perna. Se o atopaba levaríao a semana seguinte outra vez polo paseo. Se o atopaba…

Sentou nun banco mollado. Se el estivese aquí envorcallaríase na neve. Podía ser que o atropelaran. Non quería pensar niso. Non quería pensar. Deuse de conta de que non sabía onde máis buscar. Estaba canso, a dor da perna era insoportable e comezaba a custarlle traballo respirar polo esforzo. Encamiñouse cara á súa casa de forma mecánica.

Cando chegou xa era noite, estaba conxelado e famento. O espello do ascensor, deslucido, sucio, devolvíalle unha imaxe triste e envellecida, con aquela correa de can raída na man. A porta abriuse co tintino retardado da campá. Pareceulle que soara dúas veces. Escoitou, e chegoulle o eco dun lamento familiar. Co corazón encollido, mirou cara á súa porta. Alí estaba, no felpudo, choromicando. O can mirouno, e de contado foi onda el, co rabo entre as pernas e aterecido de frío.

Era máis feliz ca nunca. Ou quizais había tanto tempo que non era tan feliz que xa non recordaba. O certo é que non lle importaba. O seu amigo estaba alí, parecía san, e el sentíase afortunado. O home máis afortunado. Nunca mellor regalo de Nadal recibira.



UN ATÍPICO NADAL
por Jorge Miguel Gago Chao

Estaba no derradeiro Nadal da súa vida, unha vida triste e pálida reflexada nos seus versos cheos de melancolía. Unha vida chorando amarguras e penas colmadas polo inmenso amor a súa fala, as súas letras, da súa patria galega. Esa loita continua por ser muller nun mundo de homes, por demostrar que a feminidade tiña o seu lugar no mundo, por gañar o respecto dos paroleiros e críticos cando unha muller inxente os superaba nos éxitos. Moitos lle tiñan medo, pero non medo físico, senón un medo psicolóxico, a negaban en público mais de tres veces despois de cantar os galos. Dela xurdía unha loita desesperada pola historia e defensa da súa terra terriña, da que sempre suspirou. Mais sorprendíase coma os mesmos veciños galegos tremían de medo por mostrar delicia polo seu, ante o castelanismo imposto que facía a moitos galegos emigrar. Ese sentimento que sentía plasmouno nunha folla; se cadra, cara o seu derradeiro Nadal. Presentindo a negra sombra, escribiu.
Recreouse na escritura das palabras sobre a folla, custáballe traballo concentrarse coa dor que tiña, una dor segreda, que de momento a ninguén comunicara, aínda que no seu interior supera co seu fin estaba preto, a noite e o día facíaselle interminable. Era un Nadal atípico. Abrigouse ben, partiu cara á cidade de Compostela, alí o seu espírito enchíase, ámbolos dous unidos pola eternidade nos seus versos. Paseou pola catedral, deslizouse silenciosa por un pasadelo estreito, indo a parar os baixos da catedral, ninguén a vira chegar a onde se encontraba. Levantou unha pedra pequena dunha das paredes do pasadelo, no oco meteu a folla que escribira enrolada nunha tea de cor branca e cuberta cun lazo azul para suxeitar. Incrustou de novo a pedra, tomou na súa man un zapato e golpeou ata que quedou ben segura. Logo, cun coitelo, marcou a seguintes iniciais: NAG
Tras voltar á casa a súa dor incrementouse do axitado día que tivera, deitouse tranquila na súa cama e deixou escrito para os seus herdeiros unha especie de mapa que indicaba onde se encontraba un escrito seu para un Nadal especial. O mesmo, debería saír a luz no momento adecuado, no Nadal adecuado, sempre e cando o Galego sufrise unha represión e houbese perigo da desaparición da fala, dás letras ou dás costumes galegas. Pensativa; deixou o que estaba a facer e deitouse a durmir e a soñar coa súa terra viva e libre, confiaba nos seus, nas futuras xeracións galegas. O cabo duns meses deixaría este mundo, aínda co seu espírito andaría a vagar, a vixiar a súa terra en liberdade.



Cento cincuenta anos despois, xa no ano dous mil dez, os seus herdeiros mantiñan na súa posesión parte do legado que deixara. Un mapa moi peculiar chamou a atención da familia. Xusto cando a fala galega estaba a sentirse represaliada polos mesmos galegos gobernantes do momento. Os que contaxiados polo castelanismo do interior da península estaban dispostos a minguar a fala mediante decretos leis, e ademais parecían condenar a lingua galega a unha progresión negativa ata a súa desaparición. Era o momento de sacar á luz o que contiña o mapa, escrito no século dezanove por unha muller galega, loitadora e adiantada o seu tempo.


Varios representantes dá familia foron o lugar seguindo as instrucións do mapa, transcorría o mes de decembro, a dous día do Nadal do ano dous mil dez. Xa quedaran coas autoridades da igrexa para poder circular polos pasadelos axeitados e encontrar o que estaban a procurar. Incluso algún dos noviciños da catedral colaborou na busca das palabras NAG escritas nalgunha pedra deses antigos pasadelos. Varias horas levoulles a procura, pero o final apareceu. Curiosamente a pedra estaba frouxa e non lles levou moito tempo sacala para fora e descubrir o que dentro dela gardaba. Os familiares xuntáronse preto do descubrimento, un deles tomou nas súas mans un farrapo ocre, aínda que a cinta que á amarraba era da cor do ceo, distinguíase á perfección. Con moita calma, a modiño, introduciron a tea nunha pequena urna de cristal, tralo que partiron do lugar cun tesouro herdado nas súas mans.

Reunírense de urxencia, era o momento de ollar algo inédito da máis grande escritora da lingua galega. Case cunha cerimonia moi pausada, o familiar da diva galega desenvolveu o farrapo, del xurdiu unha folla ocrácea que contiña palabras escritas nunha caligrafía completamente lexible:

Nadal Atípico Galego:

Bo Nadal Galegos, dende a cápsula do tempo! Sentide o meu sentimento. Sentide a vosa fala coma se fose unha célula mais das vosas entrañas. As nosas letras son historia, que perduren na memoria. A vergoña silandeira que vós arrastra no tempo desapareza de súpeto botándolle peito. Pola túa fala, pola túa terra, defendede o Galego, que nunca se esqueza. Volta galego, volta a túa terra, nela esta o teu fado onte renegado.

As palabras calaron fondo no interior dás persoas presentes e a emoción embargounos. Non tardou en darse a coñecer ós diferentes medios de prensa a noticia. Unha noticia que expandiuse coma unha centella, coma un lóstrego comezou a brillar. Moitos galegos sentíronse aludidos e sorprendidos pola grandeza dunha muller que amaba o seu, e máis de cento cincuenta anos despois da súa morte continuaba a loitar dende a eternidade pola defensa da patria galega, entregándolle os seus uns versos inéditos cando o Galego máis adoecía. Dende entón, os galegos déronse de conta de que non poderían permitir que a súa fala e a súa historia fosen pisadas polo poder. O pobo decidiría o futuro do Galego. Nese atípico Nadal a fala rexurdiu, grazas a loita da nai de tódolos galegos, chamada Rosalía.



ESCURO NATAL
por LUPE CES RIOBOO

Como cada ano, umha parte importante da família, chegava tarde. As visitas obrigadas e a última copa coas amizades, punha dos nervos a quem tinha na ordem e na pontualidade um jeito de vida. Os anos acabaram por fazer desaparecer as vozes que criticavam como se podia fazer aguardar tanto ao resto da família. Assim, com paciência e moita conversa, ia-se recebendo a quem chegava a aquela casa, como se fosse a última parada dum último trem, onde sem remédio, havia que aparcar todos os 24 de Dezembro.

Era esta umha família moi numerosa, com avós cansados, pais e nais ansiosos por entreter às suas crianças, e gente moça que ria e falava com a incontinência própria da idade, e que buscava nos recantos mais afastados daquel alongado comedor, ficar longe das gadoupas dumha possível censura do mundo adulto, ainda que nalguns casos, a idade nom fosse o que marcase a pertença ou nom ao grupo da madurez.

Ao pouco de, o mais atrasado, anunciar a sua chegada, escoitou-se à anfitrioa sentenciar desde a cozinha "todo o mundo à mesa". Os jugos gástricos começavam a evidenciar a evocaçom de todas aquelas delicatessen, que cada ano se desfrutavam naquela casa. Foi entom quando um fortíssimo estrondo deixou passo à mais completa escuridade. Só a minúscula árvore de Natal, que acendia e apagava intermitentemente as suas luzes, em riba da grande libraria que ocupava toda a parede da parte leste do quarto, botava um pouco de luz naquela escuridade, fazendo aparecer e desaparecer os rostros que pareciam paralisados. As crianças acudirom a refugiar-se às apalpadas aos colos que tinham mais achegados, e alguém no banho arrincava num riso explosivo, a saber porque cómica situaçom na que a deixara o apagom.

Só o efeito dos vermutes e as cervejas que acompanharam a agarda da hora da ceia, podia explicar o retraso na reaçom ante o imprevisto. O anfitriom, longe desses efeitos, apareceu com velas justo quando se acendiam os primeiros móbiles.

-Que passaria?- começava a expressar-se o córtex ali concentrado em várias vozes.

Distintas hipóteses lançarom-se a aboiar no médio da noite, como era de agardar entre um grupo humano onde a fantasia e a criatividade conseguía pôr dos nervos a quem praticava o rigor científico e a contençom. O efeito retardador da falta de luz fazia-se notar. Ainda assim, as crianças começavam a demandar o que agardava paciente em riba da mesa para ser degustado, e alguém adulto também aproveitou para calmar o desconforto que sentia polo sucedido, engulindo dum bocado aquel anaco de folhado recheio de bechamel e brócoli que fichara havia já umha hora.

Ao escoitar a possibilidade de que umha bombona de butano fosse a causante da explosom e conseguinte averia eléctrica, umha mao se dirigiu cara a porta que comunicava o comedor coa horta da casa, e abriu-na com decissom. Se havia que atender feridos ou recatar a alguém, estariam nas melhores mans pois levava muitos anos preparando-se para respostar ante estas circunstancias.



-Mamainha como enfriou!- volveu repentinamente na procura de algo de abrigo que o protegera do cambio brusco de temperatura que se deixou sentir até na cozinha.

Quando volveu sair, numha primeira impressom, nem nos montes de Balom, nem nas casas vizinhas parecia estar a causa da repentina escuridade. Umha segunda explosom, arrincou um resplandor no ceo, o que fixo sair mais gente da casa. Duas vizinhas acudiram ao que sabiam era o lugar mais habitado do arredor, buscando nervosas informaçom sobre o que sucedia. Vinham com lanternas, em chinelas e cobertas por pequenas mantas, que tapavam as súas cabeças dando-lhes aspecto de personagens dum belém.

- Hai que ir ver que passa- sentenciou umha delgada figura que saia da casa cara ao alpendre onde se ia juntando quem chegara com quem queria olhar o que passava, nom sem refregar as mans que se iam notando aterecidas co intenso frio.

-Vou contigo- apontou alguém mais novo lançando à escuridade um par de bolinhas luminosas coas que estivera jogando o que levava de noite.

Sem dar tempo a escoitar as queixas, de quem se sentia mais desprotegida com essa inesperada missom de avançadinha no meio da noite, arrincarom o carro aparcado fora do portalom metálico e começarom a baixar a corredoira que comunicava o lugar coa estrada principal. Nom foram os únicos que tiveram a iniciativa. No cruze tiverom que ceder o passo a um par de carros que baixavam a grande velocidade cara à cidade. As curvas dificultavam a conduçom numha noite escurecida, ademais, polas nuvens que nom deixavam atravessar nem o brilho dumha estrela. As casas outrora iluminadas, case escandalosamente com enfeites de Natal, iam passando desapercibidas no medio da negrura na que se convertira aquela noite, e só co passo dos focos dos carros, ressaltavam os papanoeis pendurados das janelas, numha sorte de aforcamento colectivo.

Em quanto se colocarom na estrada principal, a luz da Lua cheia começou a abrir velozmente a escuridade das nuvens. Foi entom , na altura de Monte Curuto, quando apareceu ante eles a trágica paisagem. Onde outrora apareciam miles de luces alumeando a povoada Ria de Ferrol, em toda a sua contorna, umha espectral nuvem branca ocupava parte da Ria e se adentrava cobrindo toda a cidade. Num estremo do que deveria ser o ancoradouro de Santa Luzia, um enorme incêndio anunciava que ali se encontrava um barco em chamas, e outro incêndio parecia começar no porto carvoeiro.

Quem conduzia, sentia a boca seca, o coraçom aterecido e as mans sem apenas poder suster o volante. Lembrava o aprendido, e sabia que essa nuvem branca que avançava também cara eles, ia durar nessa quietude pouco tempo...

O copiloto num gesto case inconsciente prendeu a radio. A voz preocupada do locutor radiava a noticia.

- O acidente na planta regasificadora de Mugardos, poderia ter ocorrido durante a descarga que o gaseiro cargado com setenta mil toneladas de gás natural liquado, começara a realizar desde as primeiras horas desta tarde....

A CHOIVA CORISCA NA FIESTRA DO MEU CUARTO
Por Josefa Fernández Fernández


A choiva corisca na fiestra do meu cuarto. Semella que se tivera desatado unha furia incontrolada no ceo, mentres o meu compañeiro de cancro interpreta un recital atronador de roncexos, acompasado cos golpes de vento que impactan contra as paredes do hospital.

Nesas horas da madrugada a mente rebélase e non atopa sosego, aínda que cansa, loita e loita ata o derradeiro folgo, mais o meu corpo desleixado, xa se deu ó abandono. Non me quedan aliados. Foron derrotados un a un cunha implacable saña. Agora só resta agardar a morte, máis a cabeza retórcese e resístese a morrer. Non chegarei a ver o ano que está por comezar. Esgotouse o tempo. Estes últimos días de Decembro foron os derradeiros para min.

De mozo, cando pensaba na fin da miña vida, desexaba que o maxín, neses intres, me transportase lonxe dun cavilar asisado para poder fuxir da dor, que por riba de todo me produciría o desprenderme da miña xente.

A miña querida dona xa non pode agochar a tristura, vese traducida nas inchadas cocas nas que se converteron os seus ollos. Non queda tempo de enmendar erros, nin graves, nin banais. A miña existencia foi un ir e vir do mar, que rematou á fin nun quedar en terra, na que non había abondo ar para encherme a vida. Este é o derradeiro nadal para min, tampouco é que fora unha das miñas épocas preferidas. Estas datas, un mal recordo para os meus, mais esquecerano, sempre se esquece...

O temporal está a amainar. A dor adormecida pola morfina faime sentir o latexar máis lento do meu corazón. Quedo escoitando o silencio, á espera...Non sei se desexo un alén. Sempre tiven medo a seres do outro mundo, por que entón vou desexar ir aló? Quero pechar os ollos e soñar, e mentres soño, marchar lentamente deste corpo macilento, estraño a min, e envolverme no arume do mar, co abanar das ondas garatuxeiras e xa non volver, non. Ficar entre a escuma, quedo para sempre co salgado aroma, e sentir a aperta do argazo acariñándome cos seus lazos esvaradizos. Só oir o son do mar. Xa ouzo o chío das gaivotas a darme a benvida. Quedo aquí, onde sempre quixen estar...


Ateneo Ferrolán

PUM-PUM-PUM
por Javier Maseda Rodríguez

"...Veinticinco de diciembre, pum, pum, pum...". Só vexo rebaños de formigas, entrando e saíndo, saíndo e entrando, millóns de insectos sen gafas de sol nos días sen noite das luces do Nadal. Só vexo feligreses de grandes almacéns fieis cumpridores dos dez mandamentos das tarxetas de crédito. *Ola, amigo, se non mercas non é Nadal.* Só vexo unha marabunta esgotada de esgotar existencias mercando sentimentos a prezo de agasallos, *Feliz Navidad, Feliz Navidad*, ovellas hipnotizadas polos peixes gordos que *beben en el río, pero mira cómo beben*, zombis autómatas ao ritmo dunha letanía de panxoliñas que soan en espiral, unha e outra vez, unha e outra vez. "...Veinticinco de diciembre, pum, pum, pum...". Só vexo un Nadal importado que non me importa, anunciado por un señor de vermello que non existe, *jou, jou, jou...*, onde non hai camelos senón renos e onde non hai tres senón un, acción de gracia dos que levan americana, *ja, ja, ja...*, hábiles guionistas do noso comportamento. "...Veinticinco de diciembre, pum, pum, pum...".

Só espero que ao cuarto *pum* estóupe este Nadal de anuncios anunciado en setembro, ou outubro, ou novembro, *queda inaugurado o Nadal*, este Nadal por decreto televisivo, de plasma e pantalla plana, *de vuelve a casa vuelve*, de xoguetes de pequenos, *isto, isto e isto*, e de xoguetes de maiores, de non hai móbil que por ben non veña, que o móbil xustifica os medios... Só espero que estóupe a burbulla burbulleante deste tempo bébedo de champán e esmoquin, farto de pavo trinchado, de familias afogadas en azucre, doces e agasallos..., que estóupe este estoupido de alegría de plató de televisión, de sentimentos enlatados e solidariedade de *sponsor...*, que se desintegre este Nadal de moda, esta mísera felicidade de deseño.

Só quero tempo para lembrar aqueloutro Nadal tamén Nadal, o que non vemos cegados polas luces da cidade e que non ouvimos xordos porque *mañana es fiesta y pasado también, arre burro arre*, aquél que viven os acompañados só da súa soidade; o que non coñecen aqueles nenos con bandullos gordos que non saben o que é o turrón, *ay, qué chiquirritín*; o que desexan aqueles que están sós no medio dos seus cen mil amigos virtuais; o que queren botar a andar aqueles que non poden moverse porque están parados; o que cantan os que non cantan *noche de paz* porque están en guerra...

Si…, só quero tempo para lembrar o Nadal que non queren esquecer todos os esquecidos…

Pero tamén o quero para seguir vivindo aqueloutro Nadal que tamén é Nadal e que tamén existe, a *blanca Navidad*, o Nadal do *tamborilero*, aquel que vexo nos críos e non tan críos nunca descreídos que aínda crén na aparición máxica de xoguetes; o daqueles pais que montan un Nadal cada vez que os seus fillos cruzan a porta, aínda que vivan en portas contiguas; o das persoas envolventes que sempre envolven o seu corazón en papel de regalo e que van regalando vida; o daqueles que pensan en si mesmos só pensando nos demáis; o dos irmáns que se abrazan e o das parellas que escriben discursos de amor cunha soa caricia… É o Nadal das *estrellas sol y luna*, dos *cabellos de oro y peine de plata fina*, Nadal de *yo me remendaba yo me remendé*, verdadeiro Nadal, Nadal eléctrico, inocente Nadal de ouro, incienso e mirra do fillo do "…veinticinco de diciembre, pum, pum, pum…".



Ateneo Ferrolán



O PAI VENDERA O BURRICO MESES ANTES
por MONCHO IGLESIAS MIGUEZ

O pai vendera o burrico meses antes, cando Ahmad decidira casar. Era o último fillo que restaba por xuntar e xa non quedaban moitos bens aos que botar man. Cando llo contou á prometida, Ranín, esta non lle deu máis importancia e botou a rir.

–Xa me dirás para que habíamos querer nós un burriño.

–Nunca se sabe o que has necesitar.

–Home, si, pero o burriño... Que no último caso, se me poño de parto, ata podería montar nel e chegar máis rápido ó hospital.

–Malo será que de aquí alá non teñamos xa outro xeito de nos mover.

–Non me digas... Aínda ten o seu aquel. Igual que a Virxe, montada en burriño para dar a luz.

–Si, pero nos vivimos en Belén.

–E quen sabe; se o parto é complicado aínda habemos ter que saír e ir a Xerusalén, ó mesmo pero á inversa. Tampouco sería virxe... Aínda nos habían pagar por falaren de nós.

E falaron, mais non recibiron nada. Foi a finais de decembro dese mesmo ano, durante as festas do sacrificio. Ranín pasara un embarazo moi duro e o último mes tivera que estremar os coidados. As baixas temperaturas dese inverno debilitárana aínda máis e recomendárona internarse en Xerusalén. Aquel día de festa en ambos lados do muro o control fora estremo e as portas de saída permaneceran pechadas todo o día. Sen hospicio, sen presebe, sen neno acabado de nacer, só foi quen de recibir os flashes de varias cámaras que tropezaron con ela para conseguir fotografar un simpático Papá Noel facendo carantoñas aos soldados que vixiaban o recinto.

CONVOCATORIA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA

Benquerido socio/a:

Por medio da presente convocámoste á Asemblea Xeral Ordinaria que se celebrará o mércores día 23 de febreiro ás 19,30 horas en primeira convocatoria e ás 20 horas en segundo, coa seguinte

ORDE DO DÍA


1.- Lectura e aprobación da Acta da Asemblea Xeral anterior.
2.- Informe de xestión.
3.- Informe económico.
4.- Rogos e preguntas

Sen máis e agardando a túa asistencia, recibe un cordial saúdo da Xunta Directiva,

Asdo.- ELISEO ZAERA RÍOS
Presidente

Ferrol 10 de xaneiro de 2011




ATENEO

PROGRAMACION

XANEIRO • FEBREIRO • MARZO 2011

I MOSTRA DE DOCUMENTAIS EN GALEGO 2011

25 de marzo de 2011

XABIER MARQUÉS SOLLA
"Boca a boca" 15' *Galego*

MARCOS NINE BUA
"O sol nos chaos" 27' *Galego*

MARCOS NINE BUA
"A fábrica" 20' *Galego*

MARCOS NINE BUA
"Manuscritos pompeianos" 17' *Galego*

MANUEL IGLESIAS NANIN
"En medio de algures" 16' *Galego - Árabe*

SIMONE SAIBENE OURENSE
"Regreso a San Andrés" 26' *Galego i Castelán*

ADRIANA PEREZ VILLANUEVA
"O partido" 7´58 *Galego i Castelán*

COLECTIVO BiciLab
"Lembranzas das Encrobas" 7'42'' *Galego*



Cumpre se bañar no río do Olvido.

RENER

PORTADA

Homenaxe a Bas Jan Ader

A súa última acción levouno en 1975 a realizar unha viaxe nun bote que foise á deriva. Mantivo comunicación por radio durante 3 semanas .... perdeuse a comunicación.

O bote atopouno valeiro un pesqueiro galego, o *Eduardo Pondal* que remolcouno ate o porto da Coruña.

Ader desapareceu no Atlántico.

Nadal 1975

Ateneo Ferrolán



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202, Ferrol
www.ateneoferrolan.org